

Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional

REDE DE CIFP

Modelo MD81PLA08

Proxecto lingüístico do CIFP

Centro: CIFP Leixa

Período: 2022 - 2026



Unión Europea

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

Índice

1. Marco legal e contexto sociolingüístico do centro	3
1.1. Marco legal	3
1.1.1. Normativa estatal	3
1.1.2. Normativa autonómica	3
1.1.3. Normativa específica dos CIEFP	3
1.2. Contexto sociolingüístico	3
2. Medidas que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística	6
2.1. Medida 1. Posibilitar que o alumnado teña competencia lingüística nas dúas linguas oficiais	6
2.2. Medida 2. Favorecer o uso do galego no contexto do centro educativo	6
2.3. Medida 3. Promover a mellora da competencia lingüística do alumnado nunha lingua estranxeira	7
3. Obxectivos e liñas de actuación	7
3.1. Obxectivos	7
3.2. Liñas de actuación	8
4. Secuencia e temporalización das medidas	10
5. Recursos e orzamento necesario	11
6. Actividades de formación do profesorado e de proxectos de innovación	11
7. Criterios e indicadores de calidade	12



1. Marco legal e contexto sociolingüístico do centro

1.1. Marco legal

Este Proxecto Lingüístico elabórase tomando como referencia a lexislación que actualmente regula o marco de intervención no ensino non universitario de Galicia e concretamente a que afecta aos Centros Integrados de Formación Profesional.

1.1.1. Normativa estatal

- Constitución española.

1.1.2. Normativa autonómica

- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 3/1983 de normalización lingüística.
- Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

1.1.3. Normativa específica dos Centros Integrados de Formación Profesional

- Orde do 29 de xullo de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1.2. Contexto sociolingüístico

Na Unión Europea actualmente afrontamos un contexto de globalización e de mobilidade laboral, este feito sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo que pretende avanzar





para conseguir unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, que evite a discriminación e que favoreza a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía, por elo as institucións educativas deben atender estas necesidades sociais, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras. O CIFP Leixa é un centro situado na cidade de Ferrol que conta con ensinanzas de Ciclos Formativos das familias de Artes Gráficas, Sanidade e Servizos Socioculturais e á Comunidade, o contexto sociolingüístico do centro vén definido pola súa situación na cidade de Ferrol onde o galego ten unha clara desvantaxe fronte ao castelán, sendo segundo o IGE a terceira cidade galega onde menos se utiliza o galego cunha tendencia descendente. Por outra banda este contexto tamén está marcado pola procedencia do alumnado, que como en todo CIFP é moi variada, a maioría do alumnado provén da comarca de Ferrol, habendo tamén persoas matriculadas doutras zonas de Galicia e do resto do Estado.

Cómpre destacar o esforzo dunha parte do profesorado para facilitar e elaborar materiais didácticos en galego para o traballo, consulta e estudo do alumnado, o compromiso por achegar a lingua galega a un nivel de uso en todas as áreas científicas ten nas e nos docentes dos ciclos formativos outro axente máis de normalización e dinamización lingüística.

Ademais pódense destacar os seguintes aspectos:

- Planificación educativa: todos os documentos do centro están redactadas en lingua galega agás aqueles que por norma han de estar en castelán ou mesmo nunha lingua estranxeira, como é o caso das correspondentes programacións didácticas.
- Actividades de reforzo, asesoramento e apoio técnico: as adaptacións curriculares, formación do profesorado, grupos de traballo, seminarios, proxectos de innovación, orientación, etc., están redactados en galego agás naqueles casos en que se formulan con centros doutras comunidades autónomas en cuxo caso se redactan en castelán.
- Seguimento e control: a memoria anual, os boletíns de cualificacións, documentos de alumnado, informes, etc., están redactados en galego agás aqueles que, por ir destinados a organismos de fóra da nosa comunidade autónoma, se redactan en castelán.
- Información externa: a web do CIFP está integramente deseñada en galego; as notas de prensa e comunicacións con outros organismos, institucións ou empresas fanse sempre en galego.





- En canto ao nivel de interacción didáctica: no principio de cada curso faise unha enquisa entre o profesorado para coñecer o uso do galego e do castelán tanto na fala como nos materiais didácticos utilizados nas aulas.
- Actuación docente: existe un equilibrio normalizado no uso do galego e do castelán cun lixeiro predominio do castelán na fala, aínda que non se trata dun uso exclusivo.
- Materiais didácticos: mantense o equilibrio no uso do castelán e o galego, neste caso cun lixeiro predominio do galego, sobre todo nos materiais de elaboración propia xa que nos ciclos formativos non existen, ou hai poucos, libros de texto en galego.

No que respecta as linguas estranxeiras, nomeadamente o inglés, desátase que O CIFP Leixa está firmemente decidido a potenciar o uso das linguas estranxeiras, xa que as linguas son en esencia elementos de comunicación e de expresión de identidades. Asemade, son un medio para lograr maior cohesión social, máis prosperidade e mellores expectativas laborais. Coñecer linguas implica a capacidade de desenvolverse nun mundo globalizado, así como poder traballar e exercer a mobilidade nun gran mercado único e mesmo reconsiderar a identidade local e abrila cara ao intercambio internacional. Preténdese motivar ao alumnado cara ao estudo das linguas estranxeiras, mellorar a súa competencia en comunicación lingüística e fomentar a adquisición da consciencia intercultural.

O noso centro participa en mobilidades con distintos países, tanto da Unión Europea, como de fóra dela. Ademais mantén fluída colaboración e comunicación con centros educativos, entidades e empresas de países europeos como Portugal.

O profesorado do noso centro posúe as adecuadas competencias lingüísticas orais e escritas en lingua inglesa para a súa participación nas seccións bilingües e plurilingües.

Polo que respecta ás linguas estranxeiras no ámbito especificamente educativo do CIFP estanse a impartir nas seguintes ensinanzas:

- Módulo profesional de inglés no 1º curso no Ciclo superior en Animación sociocultural e turística.
- Seccións plurilingües no Ciclo superior de Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia.
- Módulo profesional de Formación e orientación laboral no 1º curso.
- Módulo profesional de Empresa e iniciativa emprendedora no 2º curso.
- Módulo Profesional de Deseño estrutural de envase e embalaxe no 2º curso.





Outras actividades que se desenvolven en inglés:

- Inglés profesional I para o alumnado do 1º curso do Ciclo superior de Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia. Ofertase fóra do horario lectivo do ciclo.
- Programa Cuale para unha formación complementaria e voluntaria fóra do horario lectivo. Está dirixido a todo o alumnado do centro e ofertase ao longo do curso escolar.
- Clube de conversa/faladoiro no recreo para toda a comunidade educativa.
- Curso de conversa en inglés para profesores do centro coa auxiliar Fulbright.

2. Medidas que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística

O Proxecto Lingüístico do CIEFP Leixa estrutúrase en torno a tres medidas orientadas a mellorar a competencia lingüística da comunidade educativa en xeral e especialmente a do alumnado.

2.1. Medida 1. Posibilitar que o alumnado teña competencia lingüística nas dúas linguas oficiais.

En base ao establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no que se indica que os centros teñen que establecer unha oferta equilibrada de módulos en galego e en castelán, no CIEFP Leixa estableceranse medidas para que todo o alumnado poida ser competente no uso de calquera das dúas linguas oficiais no exercicio do seu futuro labor profesional.

2.2. Medida 2. Favorecer o uso do galego no contexto do centro educativo.

A tendencia a redución de persoas galegofalantes que amosan os estudos realizados nos últimos anos obriga aos centros educativos a tomar medidas que permitan revertir esta situación. Estas medidas deberán ir máis aló das adoitadas para garantir o coñecemento das linguas oficiais e buscar unha situación que incremente o valor e o uso da lingua propia de Galicia.





2.3. Medida 3. Promover a mellora da competencia lingüística do alumnado nunha lingua estranxeira.

Nun contexto cada vez máis globalizado no que as persoas mudan o seu contorno laboral con relativa frecuencia, resulta necesario considerar a importancia das mobilidades do alumnado ao contexto laboral europeo, polo que se fai necesario adquirir unha competencia nunha ou máis linguas estranxeiras.

3. Obxectivos e liñas de actuación

3.1. Obxectivos

En función das tres grandes medidas que enmarcan as actuacións deste Proxecto Lingüístico, establécense os seguintes obxectivos:

- Medida 1. Posibilitar que o alumnado teña competencia lingüística nas dúas linguas oficiais.
 - Obxectivo 1.1. Garantir o máximo equilibrio posible nos módulos impartidos nas dúas linguas oficiais.
 - Obxectivo 1.2. Mellorar a competencia lingüística do alumnado, do profesorado e do persoal non docente do centro.
 - Obxectivo 1.3. Poñer a disposición do alumnado e do profesorado ferramentas pedagóxicas que contribúan a acadar unha maior competencia e uso da lingua galega.
- Medida 2. Favorecer o uso do galego no contexto do centro educativo.
 - Obxectivo 2.1. Promover iniciativas que teñan como lingua de comunicación o galego e que vinculen aos distintos departamentos e coordinacións do CIEFP.
 - Obxectivo 2.2. Empregar nas actuacións administrativas do centro e de difusión cara ao exterior, a lingua galega.
 - Obxectivo 2.3. Fomentar o uso da lingua galega como medio de comunicación habitual nos contextos non formais do centro.



- Medida 3. Promover a mellora da competencia lingüística do alumnado e do profesorado nunha lingua estranxeira.
 - Obxectivo 3.1. Garantir a adquisición da competencia lingüística e cultural necesaria en diferentes idiomas para unha mellor cualificación profesional.
 - Obxectivo 3.2. Apoiar ás seccións plurilingües dos distintos ciclos formativos.
 - Obxectivo 3.3. Fomentar actividades complementarias nas que se empregue unha lingua estranxeira.

3.2. Liñas de actuación

Para acadar os obxectivos propostos no Proxecto Lingüístico en cada curso desenvolveranse diferentes actividades que estarán enmarcadas nas seguintes liñas de actuación:

- Medida 1. Posibilitar que o alumnado teña competencia lingüística nas dúas linguas oficiais.
 - Obxectivo 1.1. Garantir o máximo equilibrio posible nos módulos impartidos nas dúas linguas oficiais.
 - Liña de actuación 1.1.1. Cumprimento da normativa vixente en materia do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
 - Liña de actuación 1.1.2. Sensibilización sobre a necesidade de prestar os servizos sociais e sanitarios por parte do noso alumnado, utilizando a lingua que empregue a persoa á quen van destinados.
 - Obxectivo 1.2. Mellorar a competencia lingüística do alumnado, do profesorado e do persoal non docente do centro.
 - Liña de actuación 1.2.1. Organización de formación e actualización da lingua galega para toda a comunidade educativa.
 - Liña de actuación 1.2.2. Difusión de materiais e recursos didácticos en lingua galega para utilizar na aula.
 - Liña de actuación 1.2.3. Incorporación do alumnado inmigrante á lingua propia de Galicia, garantíndolle, para este fin, unha formación accesible.
 - Obxectivo 1.3. Poñer a disposición da comunidade educativa ferramentas pedagóxicas que contribúan a acadar unha maior competencia e uso da lingua galega.
 - Liña de actuación 1.3.1. Creación de materiais curriculares en lingua galega.



- Liña de actuación 1.3.2. Instalación de ferramentas en lingua galega nos equipos informáticos do centro.
- Liña de actuación 1.3.3. Elaboración de vocabularios específicos de terminoloxía profesional.
- Medida 2. Favorecer o uso do galego no contexto do centro educativo.
 - Obxectivo 2.1. Promover iniciativas que teñan como lingua de comunicación o galego e que vinculen aos distintos departamentos e coordinacións do CIFP.
 - Liña de actuación 2.1.1. Realización de actividades vinculadas á celebración de datas significativas para a lingua galega ao longo do curso.
 - Liña de actuación 2.1.2. Apoio á utilización da lingua galega en todas as actividades e iniciativas de carácter transversal realizadas dende os diferentes departamentos e coordinacións.
 - Obxectivo 2.2. Empregar a lingua galega nas actuacións administrativas do centro e de difusión cara ao exterior.
 - Liña de actuación 2.2.1. Realización en lingua galega de todos os procedementos escritos do CIFP.
 - Liña de actuación 2.2.2. Fomento da lingua galega nas relacións orais de carácter informativo, administrativo, etc. entre o persoal do centro e outras persoas da comunidade educativa ou da sociedade.
 - Obxectivo 2.3. Fomentar o uso da lingua galega como medio de comunicación habitual nos contextos non formais do centro.
 - Liña de actuación 2.3.1. Realización de actividades que fomenten o coñecemento do medio, a cultura e lingua galega.
 - Liña de actuación 2.3.2. Promoción da oferta de actividades complementarias á formación nas que o galego actúe de fío condutor.
 - Liña de actuación 2.3.3. Fomento do uso da lingua galega nos servizos complementarios que se prestan no centro.
- Medida 3. Promover a mellora da competencia lingüística do alumnado nunha lingua estranxeira.
 - Obxectivo 3.1. Garantir a adquisición da competencia lingüística e cultural necesaria en diferentes idiomas para unha mellor cualificación profesional.



- Liña de actuación 3.1.1. Organización de medidas de reforzo de lingua inglesa ao alumnado participante nas seccións bilingües.
- Liña de actuación 3.1.2. Formación lingüística e cultural do alumnado e do profesorado participante en mobilidades a través das convocatorias de programas europeos.
- Obxectivo 3.2. Apoiar ás seccións bilingües dos distintos ciclos formativos.
 - Liña de actuación 3.2.1. Coordinación do profesorado que imparte módulos en linguas estranxeiras nas respectivas seccións bilingües.
 - Liña de actuación 3.2.2. Desenvolvemento e seguimento das actividades de apoio de linguas estranxeiras para as seccións bilingües.
- Obxectivo 3.3. Fomentar actividades complementarias nas que se empregue a lingua estranxeira.
 - Liña de actuación 3.3.1. Promoción da lectura en linguas estranxeiras entre o alumnado e o profesorado.
 - Liña de actuación 3.3.2. Fomento da participación do alumnado en actividades complementarias en lingua estranxeira de carácter lúdico.

4. Secuencia e temporalización das medidas

No primeiro curso en que entre en vigor este proxecto preténdese desenvolver unha parte das tres medidas propostas neste Proxecto lingüístico e que ademais estarán temporalizadas por trimestres. Nos seguintes cursos implementaranse completamente o recollido no proxecto.

- Primeiro trimestre:
 - Liña de actuación 1.1.1. Recollida de datos sobre o cumprimento da normativa vixente en materia do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Segundo trimestre:
 - Liña de actuación 1.2.1. Organización de formación e actualización da lingua galega para toda a comunidade educativa.



- Liña de actuación 2.2.1. Realización en lingua galega de todos os procedementos escritos do CIFP.
- Terceiro trimestre:
 - Liña de actuación 1.3.1. Instalación de ferramentas en lingua galega nos equipos informáticos do centro.

A medida 2 desenvolverase a través da programación do Equipo de dinamización da lingua galega, agás o obxectivo 2.2

A medida 3 desenvolverase a través da programación do Departamento de dinamización de linguas estranxeiras.

5. Recursos e orzamento necesario

A Xefatura de Estudos, en colaboración co profesorado do centro interesado en contribuír ao desenvolvemento das medidas establecidas no Proxecto Lingüístico, será responsable do desenvolvemento do mesmo.

O orzamento para o desenvolvemento do presente Proxecto Lingüístico será o que anualmente lle outorgue a Dirección do CIFP.

6. Actividades de formación do profesorado e de proxectos de innovación

No Centro Educativo preséntanse anualmente distintos proxectos de innovación e formación relacionados normalmente con ramas técnicas representadas no centro educativo.

O profesorado ten acceso a actividades de formación que fomentan a competencia comunicativa en linguas maternas e estranxeiras na plataforma de Fprofe.



7. Criterios e indicadores de calidade

- Medida 1. Posibilitar que o alumnado teña competencia lingüística nas dúas linguas oficiais:
 - Obxectivo 1.1. Garantir o máximo equilibrio posible nos módulos impartidos nas dúas linguas oficiais.
 - Indicador: Realización do seguimento do reparto de módulos dos ciclos formativos impartidos no centro en lingua galega e lingua castelá en cumprimento da normativa do plurilingüismo.
 - Obxectivo 1.2. Mellorar a competencia lingüística do alumnado, do profesorado e do persoal non docente do centro.
 - Indicador: A comunidade educativa ten a oportunidade de participar nunha acción formativa para actualizar os coñecementos en lingua galega.
 - Obxectivo 1.3. Poñer a disposición da comunidade educativa ferramentas pedagóxicas que contribúan a acadar unha maior competencia e uso da lingua galega.
 - Indicador: Acceso a ferramentas en lingua galega en todos os equipos informáticos do centro.
- Medida 2. Favorecer o uso do galego no contexto do centro educativo.
 - Obxectivo 2.1. Promover iniciativas que teñan como lingua de comunicación o galego e que vinculen aos distintos departamentos e coordinacións do CIEFP.
 - Indicador: Emprego da lingua galega nas pantallas informativas e na cartelería distribuída polo centro destinada á comunidade educativa.
 - Obxectivo 2.2. Empregar nas actuacións administrativas do centro e de difusión cara ao exterior, a lingua galega.
 - Indicador: Na documentación do centro emprégase a lingua galega.
 - Obxectivo 2.3. Fomentar o uso da lingua galega como medio de comunicación habitual nos contextos non formais do centro.
 - A comunidade educativa ten a oportunidade de participar e desfrutar de actividades en lingua galega no tempo de lecer no centro.



- Medida 3. Promover a mellora da competencia lingüística do alumnado e do profesorado nunha lingua estranxeira.
 - Obxectivo 3.1. Garantir a adquisición da competencia lingüística e cultural necesaria en diferentes idiomas para unha mellor cualificación profesional.
 - Indicador: O alumnado e profesorado participante en mobilidades de programas europeos ten a oportunidade de asistir a sesións de formación lingüística e cultural e clases de reforzo de lingua inglesa.
 - Obxectivo 3.2. Apoiar ás seccións bilingües dos distintos ciclos formativos.
 - Indicador: O alumnado de seccións bilingües e plurilingües ten a oportunidade de asistir a clases e actividades de apoio en lingua inglesa.
 - Obxectivo 3.3. Fomentar actividades complementarias nas que se empregue a lingua estranxeira.
 - Indicador: A comunidade educativa ten a oportunidade de participar en actividades complementarias nas que se empregue a lingua estranxeira en cada trimestre.

O presente Proxecto lingüístico estará sometido a continua revisión e poderán introducirse as modificacións que se consideren oportunas para a súa mellora e desenvolvemento do mesmo.

